

IMPORTANTE. ESTA INFORMACIÓN VAI DIRIXIDA EXCLUSIVAMENTE AO ALUMNADO QUE NO CURSO 2024-2025 FOI ALUMNO/A DO CIFP IMAXE E SON.

INFORMACIÓN ADMISIÓN/MATRÍCULA ALUMNADO 2025-2026

ALUMNADO ORDINARIO

ALUMNADO QUE ESTIVO MATRICULADO EN 1º CURSO

1) ALUMNADO QUE PROMOCIONA A 2º CURSO (ORDINARIO)

Presentar en administración o **ANEXO I** (dispoñible en conserxería do centro e en https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8211) **debidamente cuberto entre os 23 de xuño ás 9:00 horas ata o 2 de xullo ás 13:00 horas** xunto con **resgardo de pagamento do seguro escolar** (alumnado < 28 anos).

Os alumnos/as que o desexen poderán presentar esta documentación, debidamente asinada, en <https://cifp.eis.gal/secretaria/> no prazo indicado.

Nota: Para o **pagamento do seguro**, o alumnado menor de 28 anos deberá ingresar **1,12 euros** no seguinte número de conta de **ABANCA ES83 2080 0702 1730 4000 4918**

2) ALUMNADO QUE TEN QUE REPITIR 1º CURSO (ORDINARIO)

Debe participar de novo no proceso de **admisión mediante o procedemento establecido vía web** en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> e presentala(*) nun centro público de FP de Galicia no prazo establecido entre o 23 de xuño e o 2 de xullo ás 13 h. **O alumnado que non teña promoción a segundo curso terá dereito a repetir con praza reservada por unha vez no mesmo centro no ano seguinte pero deberá solicitar de novo a admisión vía web.**

Á hora de facer a reserva de praza na aplicación deberá marcar a casilla de alumno repetidor de 1º curso.

Unha vez admitidos o alumno/a repetidor deberá matricularse no centro entre os días 15 e 18 de xullo ata ás 13 h. En caso de non facelo, perderá a praza. Así mesmo, está dispoñible o servizo de reserva/matriculación de praza a través da aplicación informática; esta é unha opción máis recomendable que a de efectuala de xeito presencial.

Prazos establecidos para facer a matrícula conforme ao seguinte calendario.

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	16 de xuño ás 9:00 ao 2 xullo ás 13:00 horas* *Quen obteña o requisito de acceso por obter un título de FP ou da ESO no curso 2024-25 presentará a solicitude a partir do 23 de xuño
Resolución provisional de solicitudes	8 xullo
Reclamación contra a resolución provisional	8 xullo ás 9:00 ao 10 xullo ás 13:00 horas
Resolución definitiva de solicitudes	15 xullo
1ª adxudicación	15 xullo
Matriculación 1ª adxudicación	15 xullo ás 9:00 ao 18 xullo ás 13:00 horas
2ª adxudicación	22 xullo
Matriculación 2ª adxudicación	22 xullo ás 9:00 ao 24 xullo ás 13:00 horas
3ª adxudicación	29 xullo
Matriculación 3ª adxudicación	29 xullo ás 9:00 ao 31 xullo ás 13:00 horas
Adxudicación continuada (chamamento)	1 setembro ás 9:00 horas ao 26 setembro ás 13:00 horas